



Tarjeta Sanitaria Europea

NOTA INFORMATIVA

A Tarxeta Sanitaria Europea (TSE) é o documento persoal e intransferible que acredita o dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias, desde un punto de vista médico, durante unha estadia temporal no territorio do Espazo Económico Europeo, Suíza e Reino Unido (1), tendo en conta a natureza das prestacións e a duración da estadia prevista, de acordo coa lexislación do país de estancia, independentemente de que o seu obxecto sexa o turismo, unha actividade profesional ou os estudos.

A Tarxeta Sanitaria Europa (TSE) non é válida cando o desprazamento teña a finalidade de recibir tratamento médico, neste caso é necesario que o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) emita o formulario correspondente, previo informe favorable do Servizo de Saúde. Tampouco é o documento válido se vostede traslada a súa residencia ao territorio doutro Estado.

A utilización da TSE durante o seu período de validez atópase condicionada a que o seu titular continúe reunindo os requisitos que deron lugar á súa obtención. Noutro caso, os gastos que se orixinen poderían ser reclamados en concepto de prestacións indebidas, de acordo co previsto no artigo 76 do Regulamento (CE) 883/04.

Nalgúns casos, deberá asumir unha cantidade fixa ou unha porcentaxe dos gastos derivados da asistencia sanitaria, en igualdade de condicións cos asegurados do Estado ao que se despraza. Estes importes non son reintegrables.

Se vostede non é español, nin nacional dun país dos que se indican no final desta Nota Informativa, incluído España, e se despraza a Dinamarca, Suíza, Liechtenstein, Islandia ou Noruega, non ten dereito a recibir as prestacións sanitarias nestes países.

Para solicitar ou renovar a TSE poderá facelo desde o seu domicilio no portal Tu Seguridad Social (<https://sede-tu.seg-social.gob.es>), na sede electrónica da Seguridade Social (<http://run.gob.es/pvssdm>) ou polos teléfonos 901 16 65 65 / 91 542 11 76.

No suposto de que a súa TSE non se aceptara no país de estancia, vostede pódese dirixir á rede SOLVIT (solvit@ue.maec.es), servizo gratuíto para a resolución de problemas entre administracións que aplican os Regulamentos Comunitarios de Seguridade Social.

- (1) **Estados nos que ten validez a TSE:** Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Suíza.